



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE  
**FENE**

O Pazo 13-15 e 23-25 • 15528 Fene • A Coruña  
Tlf. 881 93 82 80 • ies.fene@edu.xunta.es  
881 93 82 60 • www.edu.xunta.gal/centros/iesfene



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

# RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## CURSO 2021 – 2022

**CENTRO:** IES FENE

**CURSO:** 2º ESO

**MATERIA:** INGLÉS

**DEPARTAMENTO:** INGLÉS

# 1. Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<b>Bloque 1: Comprensión de textos orais</b>	
PLEB1.1. Comprende fórmulas básicas de relación social para iniciar e terminar o discurso e expresar benvidas, desculpas e agradecementos, e identifica a relación de formalidade entre as persoas interlocutoras e o propósito comunicativo.	<p><i>Os mínimos do curso anterior máis:</i></p> <p>-Expresión do tempo: pasado (past simple and continuous)</p> <p>-Expresión de relación lóxicas: conxunción (and, too, also); comparación (more comfortable/ interesting, faster (than); the fastest);</p> <p>-Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); capacidade (can; can't); obriga (have (got) to; permiso (could;); advice (should)</p>
PLEB1.2. Comprende instrucións e textos breves e sinxelos producidos en contextos reais e simulados, articulados con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas sinxelos e habituais na	
PLEB1.3. Comprende o esencial en situacións de comunicación, cara a cara ou gravadas, nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo, sempre que se fale pausadamente e con claridade, e se poida escoitar máis dunha vez.	
PLEB1.4. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos que estea a aprender, profesionais moi sinxelos ou do seu interese inmediato (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha profesión	
PLEB1.5. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal espontánea, relacionada coas actividades de aula, e de simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, se a produción é articulada con claridade e cunha velocidade media, pero con pausas.	
PLEB1.6. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información e expresión dos gustos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito.	
PLEB1.7. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas emitidas por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos (tempo atmosférico, noticias presentadas con imaxes moi redundantes, etc.) e sobre transaccións habituais de bens e servizos, pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que deba escoitalas máis dunha vez.	

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<b>Bloque 2: Producción de textos orais: expresión e interacción</b>	
PLEB2.1. Interactúa nas actividades de aula a maioría das veces ou intervén na lingua estranxeira, cunha pronuncia comprensible, e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións.	<p><i>Os mínimos do curso anterior máis:</i></p> <p>-Expresión do tempo: pasado (past simple and continuous)</p> <p>-Expresión de relación lóxicas: conxunción (and, too, also); comparación (more comfortable/ interesting, faster (than); the fastest);</p> <p>-Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); capacidade (can; can't); obriga (have (got) to; permiso (could;); advice (should)</p>
PLEB2.2. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	
PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.	
PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), sempre que a persoa interlocutora coopere, falando amodo e con claridade, e repetindo ou reformulando.	
PLEB2.5. Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.	
PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	
PLEB2.7. Toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela de carácter educativo ou ocupacional moi habitual e traballado previamente, intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e sobre hábitos, gustos ou estudos, preguntando sobre problemas prácticos e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita, e se o interlocutor coopera, falando amodo e con claridade, repetindo ou reformulando.	

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<b>Bloque 3: Comprensión de textos escritos</b>	
PLB3.1. Segue, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, manexo dun móbil ou prevención de riscos nunha excursión).	<p><i>Os mínimos do curso anterior máis:</i></p> <p>-Expresión do tempo: pasado (past simple and continuous)</p> <p>-Expresión de relación lóxicas: conxunción (and, too, also); comparación (more comfortable/ interesting, faster (than); the fastest);</p> <p>-Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); capacidade (can; can't); obriga (have (got) to; permiso (could); advice (should)</p>
PLB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo e ocupacional moi básico.	
PLB3.3. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas, ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.	
PLB3.4. Comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que, de xeito sinxelo e básico, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares; se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese	
PLB3.5. Entende información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet).	
PLB3.6. Comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel.	

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<b>Bloque 4: Producción de textos escritos: expresión e interacción</b>	
PLB4.1. Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura: segue modelos de textos de características similares, planifica o texto, elabora un borrador, corrixe tanto a ortografía como a orde das ideas e das palabras, etc.	<p><i>Os mínimos do curso anterior máis:</i></p> <p>-Expresión do tempo: pasado (past simple and continuous)</p> <p>-Expresión de relación lóxicas: conxunción (and, too, also); comparación (more comfortable/ interesting, faster (than); the fastest);</p> <p>-Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); capacidade (can; can't); obriga (have (got) to; permiso (could;); advice (should)</p>
PLB4.2. Escribe textos moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos moi coñecidos e habituais no ámbito educativo, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares.	
PLB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións.	
PLB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e facilmente comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén cando se utilizan as redes sociais.	
PLB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información sobre si mesmo/a e a súa vila (por exemplo), se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, unhas vacacións), se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.	
PLB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<b>Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural</b>	
PLEB5.1. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, facéndose comprender, producindo con suficiencia discriminativa trazos fonéticos significativos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e recoñecendo e producindo comprensiblemente patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	<p><i>Os mínimos do curso anterior máis:</i></p> <p>-Expresión do tempo: pasado (past simple and continuous)</p> <p>-Expresión de relación lóxicas: conxunción (and, too, also); comparación (more comfortable/ interesting, faster (than); the fastest);</p> <p>-Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); capacidade (can; can't); obriga (have (got) to; permiso (could;); advice (should)</p>
PLEB5.2. Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible os textos, sen cometer erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes.	
PLEB5.3. Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.)	
PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, de ser o caso, do resto do alumnado, e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	
PLB5 5. Nas actividades de aula utiliza, para a comprensión e a elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos, así como os procesos de realización das actividades lingüísticas de comprensión e produción.	
PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e partextuais).	
PLEB5.7. Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	
PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	

## 2. Criterios de cualificación

### A-PROGRAMACIÓN PRESENCIAL

As cualificacións basearanse nas seguintes porcentaxes que poderán reaxustarse tendo en conta os niveis dos alumnos e as circunstancias educativas.

BLOQUE MORFOSINTÁCTICO (Gramática e Vocabulario)	30% e 10%
COMPRESIÓN ORAL (Listening)	10%
EXPRESIÓN ORAL (Speaking) *Se non hai tempo para o Speaking o	10%
repartirase entre as outras destrezas.	
COMPRESIÓN ESCRITA (Reading)	10%
EXPRESIÓN ESCRITA (writing e/ou exercicio conectores)	20% 2º ESO:70 palabras
TRABALLO NA AULA E NA CASA	10%

**CONTIDOS MÍNIMOS:** un 20% en cada destreza; a non realización dalgunha das probas mencionadas suporá o suspenso do exame.

**REDONDEO:** se poderá redondear á alza sempre que teñan feito un 80% dos traballos, e o redondeo farase a partir do 0,8 (así: un 5'8 poderá ser un 6). **Para aprobar** non se poderá redondear con menos dun 4'8, tendo sempre en conta que o aprobado é un 5. \*En ocasións extraordinarias, como en tempos de suspensión de clases por unha pandemia, só se redondeará a nota na 3eira avaliación.

**Outras observacións:**

- A nota da avaliación final poderá ser superior á da 3eira avaliación.
- Non se poderá facer exames para subir nota.
- Aqueles alumnos que non veñan a facer un exame deberán traer xustificante oficial (médico, DNI...)
- Se algún alumno copia en calquera das partes terá un 0 sen poder repetir o exame, a non ser que sexa o exame de recuperación de xuño.
- Poderase restar un 0,5 en calquera chamada de atención que se teña que facer nun exame.
- O alumnado coñecerá de antemán os contidos a avaliar

**CRITERIOS DE RECUPERACIÓN** Ao ter a materia de inglés un sistema de avaliación continua (os contidos da materia poden aparecer en calquera momento ao longo do curso, tanto se o/a alumno/a xa aprobou ou se suspendeu avaliacións anteriores), o alumnado non terá un “exame de recuperación” senón que a recuperación de coñecementos se realizará na seguinte avaliación. Cada avaliación ordinaria recupera por si mesma a anterior, sempre tendo en conta a evolución e progreso global do/a alumno/a.

Haberá recuperación final só para os suspensos, será baixo o criterio do profesor, sopesando os elementos educativos que ten reflexado ao longo do trimestre/s, podéndoa facer por partes, sempre que non teña máis de dúas partes supensas e optando tan só ao 5 como máxima nota.

**PLAN DE ACTIVIDADES DE ATENCIÓN A PENDENTES**

O alumnado con pendentes de cursos anteriores recibirá dous dossieres de traballo, un en setembro ou outubro e outro no Nadal onde aparecen os contidos que deben repasar, e deben entregarlos feitos ao profesor nas datas pactadas antes de febreiro.

Para aprobar o curso anterior terán que aprobar as dúas primeiras avaliacións do presente curso e ademais de entregar os dous dossieres feitos, e se se suspendese tería que ir a o exame de pendentes de maio.

## **B- PROGRAMACIÓN SEMI- PRESENCIAL**

Poderíanse dar dous supostos nunha situación de semi-presencialidade, cando nunha mesma clase habería alternancia de asistencia dos alumnos:

1) O primeiro suposto sería que unha metade asiste a clase durante unha semana ou dúas semanas e mentres a outra permanece en casa seguindo en streaming as clases presenciais ao mesmo tempo que os seus compañeiros que están nese momento na clase, sempre e cando a tecnoloxía, internet do IES o permita e tódolos rapaces teñan tamén as condición tecnolóxicas axeitadas para esta opción.

Neste caso a situación en relación coa programación presencial **os criterios de cualificación** non variarían moito, posto que todos os rapaces están a seguir as clases de xeito normal, aínda que si habería que alixeirar os dous primeiros bloques (traballaríanse bloque 1 comprensión de textos orais o bloque 2 produción de textos orais: expresión e interacción.)

2) No segundo suposto, sería que unha metade asistise a clase unha semana e nese período darase toda a información teórica necesaria e as tarefas a facer en relación a ese punto do contido explicado en clase, e que logo deberan facer na semana que queden na casa; mentres a segunda metade estará en casa facendo as tarefas encomendadas na semana do súa quenda presencial na aula. O grupo de alumnos que está nasa facendo as tarefas debe ser monitorizado e seguido pola súa profesora a través da Aula Virtual ou Google classroom e tamén a familia debe ser sempre sabedora das tarefas e o traballo a realizar na casa durante a semana que teñen que ficar na casa.

Tampouco neste caso a situación en relación coa programación presencial **os criterios de cualificación** non variarían moito, posto que todos os rapaces están a seguir as clases de xeito normal pero estruturado de forma diferente, pero tamén habería que alixeirar os dous primeiros bloques (traballaríanse bloque 1 comprensión de textos orais o bloque 2 produción de textos orais: expresión e interacción.)

## **C- PROGRAMACIÓN NON PRESENCIAL**

A) Temporalización: dependerá de cando sexa o confinamento.

B) Contidos: traballaríanse sobre todo os contidos do bloque 3 comprensión de textos escritos, do bloque 4 produción de textos escritos: expresión e interacción e do bloque 5 coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural; e deixaríanse apartados o bloque 1 comprensión de textos orais o bloque 2 produción de textos orais: expresión e interacción. Repasaríanse e reforzaríanse os contidos das avaliacións anteriores.

C) Estándares de aprendizaxe: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos de avaliación e instrumentos de avaliación.

D) AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN:

**Dependendo de cando sexa o confinamento e canto poda durar, é moi complicado establecer uns criterios de avaliación e cualificación. Polo tanto faríanse as modificacións oportunas cando a situación o requira.**

Pero teríamos en conta:



<b>Avaliación</b>	<p><u>Procedementos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Traballo e participación na aula e as tarefas da casa anterior ao confinamento.</li> <li>- O traballo realizado polos alumnos durante no período do confinamento (de revisión, extensión e novos contidos). Traballo corrixido pola profesora ou auto corrección coa axuda dun solucionario e posta en común dos erros e dúbidas que poidan ter a través de videoconferencia o intercambio de mensaxes por correo electrónico ou whatsapp coa profesora. No caso de que os as tarefas estean con moitos erros os alumnos teñen que volver a facelas.</li> <li>-Non se terán en conta os exercicios copiados nin os entregados fora de prazo.</li> </ul> <p><u>Instrumentos:</u> exercicios de gramática e vocabulario, textos con preguntas e redaccións a través de plataformas online e emails.</p>
<b>Cualificación final</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- avaliarase traballo e participación na aula e as tarefas da casa anterior ao confinamento.</li> <li>-as notas das avaliación/ <b>anterior/es</b>, se as houbera</li> <li>- as tarefas entregadas durante o confinamento, as tarefas e sempre entregadas no prazo indicado e avaliadas positivamente.</li> <li>-Todas as tarefas teñen que estar ben presentadas: lexibles, numeradas e ordenadas, e teñen que indicar o nome do alumno e curso do alumno que as manda.</li> </ul>
<b>Setembro</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Se hai <u>exame</u> (só se examinarán os contidos dados de forma presencial) os criterios de avaliación serán a nota obtida pola proba específica, e os exercicios de reforzo só valerán para redondear a nota.</li> <li style="padding-left: 20px;">BLOQUE MORFOSINTÁCTICO (Grammar + Vocabulary): 40% + 20%</li> <li style="padding-left: 20px;">EXPRESIÓN ESCRITA (Writing): 20%</li> <li style="padding-left: 20px;">COMPRESIÓN ESCRITA (Reading): 20%</li> <li>-Se <u>non hai exame</u> valorarase a entrega do 100% dos traballos de reforzo que se lles pida, sempre entregados dentro do prazo e avaliados positivamente.</li> </ul>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p><u>Criterios de avaliación:</u> comprender ideas principais de textos de temática diferente, ser capaz de redactar textos coidando léxico e gramática, usar as redes sociais para buscar información enviar tarefas e estar en contacto coa comunidade educativa .</p> <p><u>Criterios de cualificación:</u> entregar o 100% das tarefas no prazo indicado e valoradas especificamente.</p> <p><u>Procedementos e instrumentos de avaliación:</u> a entrega de redaccións, exercicios, resumos, etc que serán corrixidos polas profesoras ou autoevaluados coa axuda das solucións.</p>